

FARO DA CULTURA

nº 225 • Xoves, 15 de novembro de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena

Hai agora algo máis de cinco anos, a revista *Poesía* publicaba un dos seus números dedicado enteira-mente a un dos poetas franceses univer-sais, Arthur Rimbaud (1854-1891). Este home convertido en mito, epítome do chamado “enfant terrible”, é tan celebra-do pola súa poesía iluminada e atempo-ral como pola súa peculiar biografía iconoclasta. Acontece, pois, que o legado deste escritor é un deses casos nos que a vida do artista é semellante ás obras que crea; os poemas parécense ao poeta de tal xeito que a súa vida e fitos están recollidos no debullar dos versos. Neste outono de 2007, a sala de exposicións “La Casa Encendida” de Madrid está a trasladar o contido daquela publicación de hai un lustro para unha mostra, titulada *Vida e feitos de Arthur Rimbaud*, na cal as per-tenzas e recordos do poeta francés dialo-gan coa súa poesía ofrecéndolle ao pú-blico un achegamento contextualizado ao mito Rimbaud.

Unha das máis coñecidas máximas rim-baldianas é a de que “hai que ser absolu-tamente moderno”, feito que o poeta cumprimentou sobradamente en non poucos pasaxes da súa existencia. Cando Francia celebraba o II Imperio, Rim-baud, neno poeta de celebradas capaci-dades, engadiu o seu talento á moderni-dade enviando en segredo un longo poe-ma latino a Eugène Louis, o fillo dos em-peradores, con motivo da primeira comuñón do príncipe. Iso si, xogando a ser enfant terrible, ao engadir versos plaxia-dos no poema.

Logo de separarse da rixida disciplina do fogar materno, Rimbaud viaxou dende Charleville a París nas datas da Comuna. Aquel goberno popular de tres meses, froito do descontento pola política exterior de Napoleón III, cobrou vidas violentamente e queimou aquilo que representaba o poder dos vellos tempos. Naquela orxía parisina derrubouse a colum-na da Praza Vendôme, construíronse bar-ricadas cos pavimentos das rúas, queimouse a Casa do Concello e tamén o Palacio das Tullerías. Rimbaud viaxa á capital nesas datas participando en diver-sas mobilizacións e como acento terrible parece que el mesmo foi vítima dos excesos da falta de goberno ao ser violentado por un grupo de soldados comuneiros. A desfeita na cidade recóllese no seu poema “L’Orgie Parisienne” e o enfrontamento cos soldados inspira o poema “Le Coeur supplicité”.

Nun cadro do pintor Henri Fantin-La-tour titulado *Coin de table*, e pintado no ano 1872, (Museo d’Orsay) aparece re-tratado un grupo de persoeiros da vida literaria parisina. Entre outros, sentados na esquina da mesa, un pouco separados do resto, están Arthur Rimbaud -apoian-do a cara sobre unha man con expresión indolente- e Paul Verlaine, este con aire absorto. Logo de ter lido “Le bateau ivre”, escrito por Rimbaud en 1871, o tamén poeta Paul Verlaine, cae rendido ante os talentos do fermoso adolescente Rim-baud, quen o arrastrou baixo o seu hip-nótico atractivo. Unha tempestuosa rela-



ción de amor técese entre os dous ho-mes que viven un período de tres anos de “eclipse total”. A paixón desbordada do seu afecto xunto a un ánimo posesi-vo entre eles levounos a un fin tan litera-rio como os protagonistas mesmos. En Bruxelas, na habitación dun hotel, en presenza da nai de Verlaine, ante a nega-tiva do amigo de continuar a relación, este disparou contra Rimbaud feríndoo no brazo. Logo das curas, Rimbaud de-nuncia a Verlaine, quen é condenado a dous anos de cadea. “Une saison en en-fer” e “Les illuminations” contan en po-esía e prosa poética as experiencias da época e outras apreciacións da beleza parnasiana que embebía a Rimbaud.

O poeta Rimbaud deixa de escribir aos vinte anos de idade, e pasa os dezaoitto restantes da súa vida camiñando por Europa, por Asia e por África onde se instala no Iemen, primeiro, e en Eritrea, despois, traballando como comerciante.

De todas as súas épocas biográficas hai interesante documentación epistolar, gráfica, fotográfica e, por enriba de to-das, xorde un legado poético que vai máis alá da vida e dos fitos de Rimbaud. Mais, sen dúbida, entender a súa poesía é coñecer a súa vida. Agora pódese facer visitando esta espléndida exposición.

L’enfant terrible

O mito de Arthur Rimbaud

ROMÁN PADÍN OTERO

* CRANIOS DE CRISTAL: ARQUEOLOXÍA CON INDIANA JONES / Páx. III

* “TEMPO AO TEMPO”: MOSTRA PARA OS CINCO ANOS DO MARCO / Páx. VI

* ANIVERSARIO BRAVÚ: HOMENAXE AOS DIPLOMÁTICOS / Páx. VIII

Sexo e Arte

Que segue ao trazado dunha curva? O peito xuvenil e repleto, o suave deslizamento ao pube ou a enérxica textura dos glúteos masculinos tensos. Escudriñar entre as imaxes que activan o pracer sexual é unha boa oferta en calquera época. O sexo segue sendo a nosa deidade, a única que parece sobrevivir a todas as catástrofes. Quen non sabe sobre o seu avasador poder! Pode que por esta certeza e algunha máis, algo menos prosaica e algo máis intelectual, os responsábeis da galería do Barbican Centre londinense inauguraron fai uns días unha exposición baixo o lema *Seducidos: Arte e sexo*: Dende a antigüidade ata o presente. A mostra reúne trescentos obxectos que só poderán contemplar os maiores de dezoito anos ata o mes de xaneiro. É posíbel que esta restrición na idade do público só sexa para manter a categoría tabú do tema, porque progresismos fóra, o lado escuro da alma cos seus pabíos matices espertan maior interese que a claridade do evidente. Fisgar entre as imaxes que foron motivo ou consecuencia do pracer alleo é tentador, e se a iso lle sumamos a substancia antolladiza do prohibido, a mestura tórnase irresistible. Porque que clase de prácticas mereceron estar no gabinete secreto de Nápoles - creado en 1819 polo rei Francisco I das Dúas Sicilias ou no departamento secreto do museo Británico na Inglaterra victoriana? Se a pregunta aventura respostas máis perversas na mente que a visión da propia realidade, entón están mellor baixo chave para alimentar e constatar a boa saúde líbica.

Da licenciosa mirada dun sátiro romano que persegue a unha virxinal ninfa aos ollos inquisidores dos pintores sobre as súas tenras modelos. Entre ambos un fecundo entramado de posibilidades para alimentar o arquivo do morbo persoal. Do contraste desacougante do perverso ao aparente relumbrar da inocencia, do desexo perceptivo da plasticidade das formas á lenda dos artistas amantes promiscuos, perversos e insaciábeis. Eles e as súas modelos/amantes - amantes/modelos co cadro ou o sexo por tema. Pero nada para alimentar a imaxe sexual coma a palabra dita susurrando ao oído, coa boca morna e húmida, con letra de soneto inmoral de Pietro Aretino. E mentras o murmurio crece as verbas aventúranse ao espazo coa "voz do sexo"; unha instalación sonora cos textos extraídos do Kama Sutra, de Lolita de Nabokov e de obras do Marqués de Sade.

O certo é que estas exposicións históricas e temáticas adoitan ser un bo reclamo para o público e neste caso o tema é rei, pero a dimensión individual das



obras, que en moitos casos é maxistral, pode quedar eclipsada ás veces por pezas irrelevantes. "Da antigüidade ao presente", di o lema, pero que importa a orde se para o sexo non o hai, só é a das percepcións, dirixen os ollos que se alimentan á calor das instrucións precisas das técnicas amatorias, apuntadas na imaxe con man habenciosa sobre a superficie dura do metal do Quattrocento e do Barroco. Man contra coxa, coxa contra lombo, lombo con perna, posicións necesitadas da intelixencia espacial da perspectiva renacentista, con bruñidor para dar luz na intimidade da forma, con punta de augaforte para destacar a plasticidade dos corpos que se agochan entre as árbores de Rembrandt a osmar tras a néboa secreta de Turner, porque algo escondía nos seus libros íntimos. Da linguaxe gráfica e contundente do gravado, ás acusas sensacións das transparencias xaponesas. Oriente coas súas sutilezas líquidas, aceites e fumes perfumados. Vaporosas ondas de cor que mecen as fantasías orientais con cadencia natural, sen concesións á monotonía e o descanso, con secuencia consumatoria como o do día e a noite para introducirmos nas técnicas do Kama Sutra, que abre os sentidos con holística amalgama de enerxía e materia, con instrucións desinhibidas para converterse en fonte e vehículo de pracer. E aínda máis: exercicios para príncipes e princesas persas con horáculos astrolóxicos para acceder ao ceo do pracer sexual.

Xa envoltos nas curvas do desexo, percorremos o universo oral, dende a moza que acompaña ao pintor malagueño en 1903, ás acedas felacións de Blowjob, unha cinta de Warhol filmada con son ceremonioso de réquiem, moi apropiado, porque, a fin de contas, que preto están o sexo e a morte!

*Na substancia
do prohibido*

MARCELA SANTORUN

Da provocación á xustificación

A exposición foi ideada pola italiana Marina Wallace e Martin Kempe, e comisariada por Joanne Bernstein. A mostra reúne obxectos e obras de todo xénero sobre o sexo: esculturas, obxectos, pinturas, manuscritos, acuarelas, gravados, debuxos, vídeos e fotografías. Están representados 70 artistas entre os que figuran Nobuyoshi Araki, Francis Bacon, Robert Mapplethorpe, Rembrandt van Rijn, Giulio Romano, Lucas Jordán, Turner, Fuseli, Fragonard, Gustav Klimt, Utamaro, Hokusai, Rodin, Picasso, Man Ray, Bellmer, Duchamp, Andy Warhol

ou Jeff Koons entre outros, ademais de numerosos creadores anónimos da Antigüidade.

Os organizadores deixan claro o seu obxectivo inmediato: que os londinenses só pensen en sexo nos próximos tres meses. Aínda que hai moitos contidos que enfrían o tema, serven tamén para dar un tono intelectual e científico que tanto gusta aos historiadores contra tanto entusiasmo sexual: os cambios morais ao longo da historia, o tema tabú e as consideracións sociais, as prácticas homosexuais aceptadas e reprimidas, a censura e os seus nobres protec-

tores, o poder e a manipulación a través do sexo e, por suposto, os recursos estéticos que empregan os artistas para espertar o noso interese sexual. Todo un inventario de contidos que a directora da galería, Kate Bush, defende dicindo: "aínda que a exposición resulta provocadora non temos intención de escandalizar xa que é unha exposición sería e con interese intelectual" Uns argumentos elevados para en definitiva falar de sexo e, nalguns casos, de pornografía; pero xa dentro dos santuarios lexitimadores da arte, todo se santifica.

CINEMA



Cranios de cristal

Temos que aceptalo con paciencia. Quedan aínda uns meses para poder gozar da cuarta entrega das aventuras de Indiana Jones. A rodaxe rematou hai unhas semanas, así que agora queda o traballo na sala de montaxe. Hai moitas especulacións, pero polo menos xa coñecemos cal será o seu título: *Indiana Jones e o reino do cranio de cristal*. Velaquí unha diferenza con respecto ás tres primeiras entregas da saga. A Arca da Alianza, as pedras máxicas do templo maldito e o Santo Graal son obxectos de lenda, pero os cranios de cristal existen realmente. En 1924 topouse un destes cranios nas ruínas dunha antiga cidade maia de Belice. Con cinco quilos de peso, está tallado nunha soa peza de cristal de cuarzo, agás a mandíbula, que é móbil. Consérvase nun museo dos EEUU. Hai outros dous máis, feitos tamén en cristal de cuarzo, procedentes ao parecer de ruínas aztecas. Pódense contemplar no museo da Humanidade de Londres e no Museo do Home en París. Non fai falta dicir que a súa existencia é desconcertante. Se a trama do filme vai por este camiño, sen dúbida o ano que vén poderán vostedes ler e ver moitas cousas maravilosas destas caveiras. O importante, de calquera xeito, é que Steven Spielberg e George Lucas volvan facernos soñar como hai vinte e sete anos. Naquel tempo, Lucas creaba os personaxes e o sentido da aventura, mentres que Spielberg aportaba a planificación e esa mestura de emoción e humor que tan ben funciona nas súas mellores películas. Cinema de aventuras no seu sentido máis paixonal. Algo moi prezado polos amantes dun xénero orientado ultimamente cara o fantástico debido ao uso, e en moitos casos abuso, dos efectos dixitais. *King Kong* (Peter Jackson, 2005), *O segredo*

Arqueoloxía con Indiana Jones

CARLOS FREIRE

PROMETEMOS QUE
NUNCA NOS IMOS
FACER MAIORES
E QUE SEMPRE
AMAREMOS
OS DINOSAUROS”

dos irmáns Grimm (Terry Gilliam, 2005), *As crónicas de Narnia* (Andrew Adamson, 2005) e mesmo *Piratas do Caribe* (Gore Verbinski, 2003) quedarían en nada sen as imaxes xeradas por ordenador. A boa nova é que Spielberg anunciou que nesta entrega tratarán de manterse fieis ao estilo orixinal da saga.

O xénero de aventuras é tan vello como a propia arte do cine. Unha das

primeiras cousas que fixeron os irmáns Lumière ao decatarse das posibilidades do seu invento foi enviar operadores con cámaras aos lugares máis remotos do mundo na busca de imaxes pouco vistas. Mesmo lle deron o nome de “gran viaxeiro” ao cinematógrafo. Georges Méliès, pola súa banda, dedicouse a poñer en imaxes as novelas de aventuras de Jules Verne sen moverse do seu estudio.

Unha de espadachíns, outra de romanos, outra máis de piratas. Tarzán, Conan, Robin Hood, o rei Arturo. O mundo perdido; as minas do rei Salomón; o señor dos aneis... Os temas do xénero de aventuras están tan espallados que tratar de ocuparse sequera dunha parte en poucas liñas é misión imposible. Quizais a súa esencia se conserve máis pura nas películas de piratas e nas aventuras marítimas. Xa a propia etimoloxía da palabra pirata nolo di, pois significa “o que se aventura”, ou “o que tenta a fortuna”.

O mar é un territorio de liberdade, nel todo pode ocorrer. Lembremos a Simbad loitando contra unha estatua gigante da deusa Kali en *A viaxe fantástica de Simbad* (Gordon Hessler, 1973), a Xasón enfrontándose a un exército de esqueletos en *Xasón e os argonautas* (Don Chaffey, 1963), a Rachel Welch e o seu bikini de pel fuxindo dos dinosauros que moraban nas praias de *Hai un millón de anos* (Don Chaffey, 1966). Non é casual que as tres películas citadas teñan a pegada única de Ray Harryhausen. Un gran tipo este Harryhausen. Falareilles del. Resulta que malia non firmar como director, participaba no guión, na produción e, sobre todo, na parte técnica das películas nas que traballaba, animando de xeito artesanal todo tipo de criaturas imposibles. Harryhausen é, ademais, un grande amigo do escritor Ray Bradbury.

Sendo mozos fixeron un pacto de lealdade entre eles que tamén vale para os seguidores do xénero de aventuras, sobre todo da beira fantástica: “Prometemos que nunca nos imos facer maiores e que sempre amaremos os dinosauros”.

Escenas senlleiras

Tanto nas grandes como nas pequenas películas de aventuras topamos momentos magníficos, deses que fan historia. En *A princesa prometida*, o guionista William Goldman consegue un maravilloso clímax final grazas á repetición, ao longo de todo o filme, dunha frase que xa é célebre: “Ola, chámome Ínigo Montoya. Ti mataches ao meu pai, prepárate a morrer”. En *Dous homes e un destino*, con libreto tamén de William Goldman, hai escenas inesquecibles. Butch Cassidy (Paul Newman) e Sundance Kid (Robert Redford) escapan dun pelotón de pistoleiros que queren matalos e chegan ao

bordo dun gran cantil sen saída, cun río de flúe ao seu pé. Pelexar sería un suicidio, mais tampouco se poñen de acordo en saltar. Butch: “Chimpa ti primeiro”. Sundance: “Xa che dixen que non!”. Butch (berrando): “Pero qué che pasa?”. Sundance (berrando aínda máis, alporizado e avergoñado): “Que non sei nadar!”. Butch (botando unha gargallada): “Que máis ten, idiota, a caída vaite matar!”.

Cando roxe a marabunta é unha película interpretada por un exército de formigas destructoras, á parte de por Charlton Heston e Eleanor Parker. Heston fai o papel dun terratenente

que vive en plena selva, na América do Sur, e casa por poderes cunha fermosa muller que viaxa ata alí para coñecer ao seu marido. Pero cando Heston, que ten moitos cartos, pero ningunha educación, descobre que ela é viúva, repúdiara. Hai unha escena na que a muller está sentada perante un piano novo, sen estrear. Heston dille que o comprou expresamente para ela. O marido: “Este piano non o tocou ninguén dende que chegou aquí, serás a primeira”. A muller: “Se vostede soubera de música, entón sabería que un piano soa mellor cando xa se tocou”. Touché.

Versos de xustiza


Todos os esforzos derivados da preocupación por facer xustiza a través da chamada Lei da Memoria Histórica están tendo froitos moi interesantes pola dimensión que están collendo e pola relevancia de moitos dos feitos que están saíndo á luz despois de tantos anos. Xa sexa desde asociacións culturais, agrupacións políticas ou a dinamización dos diferentes sectores sociais, cada pouco tempo atopámonos con algún “recordo” daqueles anos de barbarie total.

Edicións do Castro ofrécenos unha nova colección coñecida como “Biblioteca do 36.” Son textos que engorde se van recuperando para que quede testemuña escrita do que escribiron moitos dos nosos paisanos e que a represión e o medo deixaron nun caixón até que alguén considerou oportuno recuperar ese capital literario e documental agochado durante tantísimos anos.

Desta volta son os versos de Evaristo de Sela os que saen á luz pública e que, de entrada, descúbrenos un poeta poderoso e formado ademais de comprometido. Don Evaristo

Poesía comprometida

HEÍTOR MERA



foi un ex-semi-narista que, por mor das súas relacións co exército republicano antes da guerra, é tido como home perigoso polos facciosos que o obrigan a deambular por unha serie de cárceres durante os anos da guerra e inmediata posguerra para saír co estigma de preso e non ter moita opción de desenvolver unha profesión se non é, como fixo, por libre dando clases sen ter tan sequeira título para poder facelo.

Cunha profunda sabedoría sobre o mundo e a literatura greco-latina, Evaristo de Sela concibe grandes proxectos na súa estancia no cárcere. Destes proxectos debemos agra-

decerlle as traducións da *Iliada* e a *Odisea* á nosa lingua.

En *Versos de preso e outras rimas* a estrutura presentada pola súa filla e editoria, Stella Maris González Balbuena, é nidiamente cronolóxica polo que se ve moi ben a evolución. Os primeiros poemas son bucólicos, “locus amoenus” seguindo os recursos estilísticos propios dun home versado na literatura clásica. Esa sólida formación formal advírtese nestes primeiros poemas que, a nivel conceptual son ben máis inxenuos. A partir dos poemas do ano 1937 é cando se ve ao Evaristo de Sela resistente, enfadado, sacando da súa alma de poeta o mellor de si mesmo cuns poemas de gran altura literaria verquendo toda a súa caraxe sobre a figura de Franco e dos feixistas. Estes versos de denuncia, longos e intensos, manteñen ao lector en tensión observando canto sufrimento calado durante tantos anos se transforma, desde a aparente resignación, cara á denuncia directísima.

SELA, Evaristo de, *Versos de preso e outras rimas*, Ed. do Castro, Sada, 2007, 176 páxinas.

Desde As Mariñas

De novo o Anuario Brigantino

XOSÉ RAMÓN PENA

O *Anuario Brigantino*, a publicación que fundara Francisco Vales Villamarín, e que edita, ano tras ano, o Concello de Betanzos, chega xa á entrega número vinte e nove da súa actual andaina. Dirixido por Alfredo Erias Martínez, e contando con Xosé M^a Veiga Ferreira, como subdirector, e con Xulio Cuns Lousa, como secretario, presenta, xa é norma nel, unha mancha de aportacións que atinxen os territorios da Historia, da Arte, da Literatura e da Antropoloxía. Alén diso, e tamén como vén sendo habitual en cada un dos volumes, inclúe noticias acerca de entidades culturais e deportivas así como unha relación dos acontecementos do ano vividos na cidade dos Cabaleiros.

De entre os traballos –todos eles, desde logo, realizados desde o rigor e as mellores procuras científicas– presentados no apartado de “Historia”, sinalaremos, por exemplo, os títulos “O ancestral Camiño de peregrinacións ó Fin do Mundo: na procura do deus do Alén, Briareo/Berobreo/Breogán/Hércules” Santiago...” por Andrés Pena Graña e Alfredo Erias Martínez. O traballo nace a partir do achado de Andrés Pena de que a fíbula de Bragança, no Museo Británico, pertence ao contexto lusogalaico ao representar un Hércules Oghimos en forma de guerreiro celta.

“Galicia y el Bierzo en el s.XV: De puentes a fronteras (las luchas de los condes de Lemos por el dominio de El Bierzo)” é o título da aportación da man de José García Oro e María José Portela Silva: unha análise dos enfrontamentos nobiliarios durante o século XV polo dominio da bisbarra berciana, cos seus centros nas vilas de Ponferrada e Vilafranca.

Arturo Gutiérrez Morán, da súa parte, escribe arredor de “Ferrocarril de Betanzos a Ferrol (‘El Ramalillo’), unha viaxe á historia, con paisaxes, memorias e imaxes do camiño de ferro.

Dentro xa do apartado de “Arte”, chega ás páxinas do *Anuario* o traballo de Ángel Núñez Sobrino que leva por título “Presencia entelada (Consideraciones sobre un retrato de Joaquín Vaamonde)”. Como ben escribe Sobrino no comezo das súas liñas, autorretratarse supón un exercicio de avaliación dun mesmo, unha procura da esencia de seu, da percepción da propia personalidade, transmitida mediante o pincel ao mundo que nos rodea. Filosofía, pois, pero tamén as emocións configuran unha estética na que a meditación do rostro decide o papel protagonista.


Da súa parte, Concepción Delgado Corral entréganos “Montezuma de Carvalho e as mellores rosas galegas para Eugénio de Andrade”, coa aportación da palabra poética da man de José Lois García, Xohana Torres, Miro Villar, Aurora López, Andrés Pociña, Chus Pato, Xesús Torres e Antón Gil Hernández, entre outros.

De novo, parabéns paro *Anuario* e para os seus responsábeis por esta nova entrega que segue a situar a vella cidade de Betanzos como un referente na vangarda cultural do noso país.

VV. AA., *Anuario Brigantino*, nº 29, Betanzos, 2007, 598 páxinas.

Mundo do trasmundo

Debo manifestar, desde xa, a miña admiración pola obra de Xosé Miranda. Heteróclita, profunda e lixeira a un tempo, nada convencional, sempre roldando as marxes e o cerne dos xéneros, adentrándose no romance de aventuras, na prosa de inspiración popular, no verso intimista, na revisión reflexiva e enciclopédica de mitos e costumes. Escritor culto e de culto, pois xunto con libros que gozan dun caudaloso éxito de vendas alterna obras secretas, inspiradísimas, que pasaron vergoñosamente desapercibidas pola crítica (así aconteceu co poemario *Permiso para o corso*, obra colosal en todos os sentidos). Agora vén de dar ao lume *As mans do medo*, que parece inscribirse no territorio do terror fantástico.



Trátase dun conxunto de narracións de extensión variábel. A pri-

Unha obra profunda e lixeira

ROMÁN RAÑA

meira, a que dá título ao volume, relata a sorprendente aparición dunha man que, lembrando o vello Poe e o máis recente Juan José Millás, ten vida autónoma. Non vou revelar os segredos do relato, mais debo indicar que ten un ritmo ben acelerado. O segundo, “Un conto de Reis”, resulta unha clara homenaxe ao Ferrín de “O Suso” e posúe, para quen isto escribe, unha rara eficacia narrativa, pola crudeza que alberga, pola cruel concisión da historia protagonizada por nenos inocentes. O terceiro conto, “A neve e a cadeira”, é o máis extenso do conxunto. Ao modo de Lovecraft, nunha vila galega van acontecendo estraños feitos que derivan

nun impactante final (de novo un neno indefenso protagoniza esta historia). O cuarto, “Primeiro calafrío”, é un pesadelo que lembra o Borges, como un fogonazo preciso. O quinto, “Anxos da garda”, resulta magnífico na súa grande brevidade alucinatória. Ao igual que o seguinte, “Segundo calafrío”, tamén de pendur borgiano.

O sétimo conto, “Lambirón”, está escrito nunha prosa admirábel (con Cunqueiro ao fondo) e fala dun home que dexenera en algo que non digo; o oitavo, “Seis dedos”, insírese nun contexto histórico do Alzamento militar do 36 e tamén fala dunha estraña mutación; o noveno, “Mondoñedo”, trata da profunda miseria e do misterio dun morto.

Nove exemplos, pois, do mundo do trasmundo, do medo que convive coa vida.

MIRANDA, Xosé, *As mans do medo*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 155 páxinas.

LIBROS

Último alento


Unha laranxa partida pola metade ocupa a parte central da cuberta de *Días do final*. Na parte superior, o branco da vida, no inferior, o negro da morte. Fermosa metáfora para conter a esencia dunha obra que é un verdadeiro canto á sensibilidade, unha fervenza das emocións, sensacións e impresións que a todos e todas nos pasaron algunha vez polo corazón ao ver que a existencia de alguén que queriamos ía deterse sen que se puidese facer xa nada.

Esta *Días do final* é a segunda obra en prosa de Manuel Pereira Valcárcel -despois de *Traxectos curtos* (2005)-, pero quizais fose máis acaído dicir que é a súa sexta produción lírica, tal é a poesía que percorre estas liñas en que, ao igual que na cuberta, o branco e o negro se entrecruzan na literatura como tamén o fan na realidade. A morte, anunciada xa dende a primeira páxina, do pai da voz narrativa que se dirixe ao lectorado é o marco que envolve esta historia. Pola contra, a esperanza, semella ser o leitmotiv que a guía, o que consegue transmitirnos os sentimentos do protagonista e dos outros familiares de enfermos que percorren as páxinas deste poema en liña longa.

Cun escrito en escenas breves, que se van encadeando unhas con outras (ás veces dun xeito un tanto forzado), o autor consegue trasladarnos dende as frías salas de hospital en que os reloxios parecen deterse, ata a calidez da aldea, coas súa paisaxe e a súa paisaxe coñecida, onde todo crea a ilusión de volver ser coma antes e a máquina do tempo volve funcionar, de novo, con normalidade. Entre reflexións sobre a doenza, a deshumanización dos complexos clínicos e a profesionalidade de moitas médicas e médicos vanse mesturando fazañas deportivas e vivencias persoais que encenden a verosmellanza da narra-

Canto á
sensibilidade

MONTSE PEÑA PRESAS



ción e que lle restan sentimentalismo. Un sentimentalismo que, ademais, se proporciona nas doses xustas, nas que alenta a emoción, agasallándonos con sentenzas que se gardarán na memoria para cando se precisen: "cada bágoa é a infancia que fica en nós retida". Alén disto, os versos de poetas e as frases de diferentes escritores (Valle-Inclán, Emily Dickinson, Martí i Pol) incitan á reflexión e amosan que o binomio da literatura e a morte ten propiciado algunhas das máis fermosas pasaxes na his-

toria da literatura.

Todo isto é recollido nunha escrita espida, sen artificios, que é posible que non guste a moitos, mais da que gozarán intensamente os que crean que a mellor arte literaria é, tan só, a que transmite coa máis verdadeira e fonda sinxeleza o cruce de opostos da existencia. Non obstante, se algunha peza se lle pode pór a estas liñas é a de contar cunha construción narrativa un chisco feble, na que se percibe abundantemente o longo oficio de poeta de Manuel Pereira. Mais se o lectorado é do que adoita somerxerse nos versos, o camiñar pola redacción breve, que procura a profundidade, convertírase no inesperado pracer agasallado dunha obra en prosa. *Días do final* non constitúe, ao fin e ao cabo, unha novela, tampouco un conxunto de relatos. Estes son, sen etiquetas xenéricas, os derradeiros retallos dunha vida.

ESTAMOS
DIANTE DUNHA
FERVENZA DE
EMOCIÓN QUE
A TODOS NOS
ATINXE

Porén, o máis impresionante destas páxinas é a súa condición de diario dunha enfermidade terminal dende a ollada lúcida, tamén dorosa, do fillo de quen a está a padecer. A delicada e sentida relación paterno-filial que se transloce, dicindo pouco e suxerindo moito, non pode senón lembrarnos aquela fermosa frase de Castelao: "todos somos nenos nos colos das nosas nais".

PEREIRA VALCÁRCEL,
Manuel, Días do final, Ed.
Galaxia, Vigo, 2007,
57 páxinas

Falar da pobreza

Para transformar
a sociedade

ALFREDO IGLESIAS

lloando as condicións de vida dos pobres, permitindo que todos teñan as mesmas posibilidades de saír adiante mediante o acceso á saúde e á educación", e, sobre todo, Amartya Sen, se relacionan coa estrutura des-

Ao falar de pobreza son moitas as imaxes que veñen á cabeza, case todas localizadas fóra da Galiza: favelas brasileiras, barrios de lata de Iacarta, excluídos sociais nas periferias urbanas das megaarbes do Terceiro Mundo... Tamén, noutras ocasións, o único 'contacto' que somos quen de establecer coa pobreza é a través da mirada dos grandes directores do cine, 'vendo' a pobreza a través dos ollos do Charles Chaplin que nos deixou *O neno* (1921), dos do Luís Buñuel que dirixiu o filme *Os esquecidos* (1950), dos ollos máis actuais de Agnès Varda, que dirixiu *Sen teito nin lei* (1985), o filme que relata os últimos días da vida de Mona, ou dos de Mira Nair, que narrou a historia de Krishna en *Salaam Bombay* (1988). Porén, a pobreza está aí, convive connosco a cotío: está nas rúas de Vigo e da Coruña, nas aldeas do interior do país; a pobreza está na casa deses veciños que non chegan a final de

OS AUTORES
ESTABLECEN CON
ÉXITO A
METODOLOXÍA
AXEITADA AO SEU
LABOR DE ANÁLISE

mes ou que non gozan dos equipamentos e dos servizos básicos nas súas vivendas.

Así pois, malia que adoitamos ocultar pobreza que está entre nós, en tanto a pobreza supón a carencia de necesidades básicas (alimentación, servizos e equipamentos na vivenda, vestimenta...) e a falta de recursos económicos (situando ás pobres e aos pobres por debaixo dun limiar, que se establece no 60 % da renda media da poboación), a pobreza, está ao noso carón: nas aldeas da Fonsagrada ou nas rúas das nosas vilas en estreita relación coa exclusión social e a precariedade.

Agora ben, se ben é certo que son precisos máis esforzos teóricos para definir a pobreza e establecer as súas causas, que nos traballos de Anthony Barnes Atkinson, Joseph Eugene Stiglitz, quen afirmou que "o desenvolvemento consiste en transformar as sociedades me-

bre a pobreza. Á marxe dos capítulos nos que expoñen e xustifican a metodoloxía escollida, o máis salientable son as conclusións ás que chegan: o 10 % dos fogares galegos son pobres, unha cifra sensiblemente diferente da que se establecera noutras análises anteriores, como as que se desprenden da Enquisa de Condicións de Vida, que para o ano 2005 mostran que a pobreza afectaba a un 20 % (aproximadamente) da poboación total da Galiza.

Os autores desta nova análise son conscientes destas dife-



das nosas sociedades, non é menos certo que é preciso establecer unha metodoloxía para a súa análise e cuantificación, a tarefa que asumiron exitosamente tres profesores da Universidade de Vigo: Patricio Sánchez Fernández, Antonio Vaamonde Liste e Xenaro García Suárez, autores do volume *A pobreza en Galicia: medición a través do equipamento dos fogares* (2007).

Efectivamente, os tres autores, que dende hai tempo desenvolven tarefas de investigación vinculadas á aplicación de métodos e técnicas estatísticas no eido das ciencias sociais, afrontan nesta obra a necesidade de estudar a pobreza na Galiza, aplicando unha metodoloxía acorde coas tendencias que se están a desenvolver nos últimos anos nos estudos so-

renzas, sinalando que "a falta de coincidencia non debe supor un motivo de preocupación [...], posto que a metodoloxía empregada neles é substancialmente distinta á utilizada neste estudo". Agora ben, tralos necesarios estudos e análises, cómpre identificar a pobreza para erradicala, aínda que para iso precisase de vontade política para transformar a sociedade.

SÁNCHEZ, Patricio,
VAAMONDE, Antón e
GARCÍA, Xenaro, *A
pobreza en Galicia*, Ed.
Sotelo Blanco, Santiago,
2007, 201 páxinas.

O 13 de novembro cumpriuse o quinto aniversario da inauguración do MARCO —nado aquel novembro do *Prestige*— e para celebralo o museo decidiu encher todas as salas cun único proxecto expositivo *Tempo ao tempo*, unha mostra que se poderá contemplar até o 17 de febreiro.

Nunha ocasión como esta cómpre salientar que nun prazo tan pequeno de anos o museo de arte contemporánea vigués conseguiu consolidar un proxecto cultural sólido e unha oferta expositiva coherente, o que contrasta coa situación que sofren outras iniciativas culturais extremadamente custosas realizadas na cidade de Vigo e que de momento se nos amosan como froitos gorados, como o Museo do Mar, ou como lamentábeis (e caros) absurdos, como o VERBUM.

Centrándonos xa na mostra do MARCO, os comisarios Isabel Carlos e Iñaki Martínez Antelo construíron unha visión plural e aberta do tempo na arte contemporánea, establecendo un marco analítico que fai dialogar as obras con todo o seu contorno cultural, en particular coa configuración complexa e variada da modernidade o que lles permite unha intensa achega aos fundamentos da nosa ollada e aos alicerces sobre os que se asenta a nosa visión.

Se o ensaio consiste, como afirmaba Adorno en relación coa obra de Walter Benjamin: “na capacidade de contemplar aquilo que é histórico, as manifestacións do espírito obxectivo, a «cultura», como se de algo natural se tratase”, esta definición acáelle á perfección ao traballo expositivo que agora comentamos no que a vida e a creación artística non son apenas contempladas e fosilizadas senón que nos aparecen como cousas vivas, cuns referentes anteriores e cunha realidade actuante que as ilumina e dota de significados mudábeis, sempre co tempo como elo e como fio condutor. As moi variadas obras e soportes escolmados sitúan o tempo como vínculo, o tempo como punto referente que terma do discurso. Un discurso que se configura como unha forma de desenvolvemento, sempre a desvendar polo tempo, un discurso que é fio conformador da forma, como unha espiral totalizadora. Eis como se nos presenta, vista na súa globalidade, a mostra. Nas obras expostas, en xeral, as categorías procesuais de tempo e espazo configuran o marco da percepción e a experiencia e a contemplación ou participación do espectador establece unha relación paralela entre o espazo e o tempo o que marca a tonalidade da mostra, a súa musicalidade.


Reúnense un total de 41 obras de 34 artistas, nunha grande variedade de soportes que inclúe fotografías, vídeos, esculturas, pinturas, videoinstalacións, videoproxeccións, pezas sonoras, impresións dixitais, debuxos, instalacións, e obras producidas especificamente



Como discurso e obsesión

 CARLOS L. BERNÁRDEZ

Tempo ao tempo



para esta ocasión, alén dunha presentación da performance *Time* (1970), de David Lamelas, que se realizou na entrada do museo o 19 de outubro, coincidindo coa xornada inaugural. A exposición abrangue dende obras clave dos anos sesenta, momento no que a arte conceptual iniciaba as súas experiencias e investigacións relacionadas co paso do tempo, impulsadas polas novas posibilidades que ofrecía o uso do vídeo e a fotografía —Nam June Paik, David Lamelas, Allen Ruppersberg, On Kawara, Jimmie Durham, Victor Burgin— até a máis recente xeración de artistas nados a finais dos sesenta ou na década dos setenta, como Jorge Peris, Mírcea Cantor, Rubén Ramos Balsa, João Maria Gusmão e Pedro Paiva, Daniele Puppi ou Jonathan Monk.



Construída, como se pode observar, a partir dalgúns dos nomes emblemáticos da contemporaneidade artística (Tacita Dean, Sam Taylor-Wood, Gustavo Romano ou Jorge Barbi, tamén están presentes) a exposición inclúe formulacións radicais e conceptuais, esteticistas e narrativas, documentais e sociais, nun conxunto que nos fornece unha panorámica ben variada das correntes actuais, constituíndo unha lectura, sobre todo dos últimos vinte anos, nos que no medio artístico se consolidou a hexemonía da imaxe fotográfica e do vídeo como soportes determinantes, aínda que na mostra hai obras anteriores como as de Victor Burgin e David Lamelas, dunha altura na que se poñen os alicerces á nova

Fórmulas múltiples

concepción da arte que caracteriza a fin do século, unha auténtica revolución estética que acabará por moldear a definitiva autonomía do medio, sexa cal for o soporte que empregar, conformando unha cultura visual contemporánea que como ten afirmado o propio Victor Burgin —que é alén de fotógrafo un dos pensadores máis

influentes no ámbito da teoría cultural —“debe tomar os seus obxectos tal e como os atopa e atópaos esnaquizados; como unha constelación de fragmentos constantemente en mudanza”. Unha mudanza pautada por ese tempo que nos obsesiona, que é parte da nosa concepción profunda da existencia (alfa e omega) e ao que non podemos nin queremos obviar.

Tempo ao tempo ofrécenos, pois, unhas posibilidades de lectura abertas, nas que o espazo e tempo adquieren un auténtico protagonismo, como uns personaxes máis, conformándose como uns constituíntes fundamentais na construción dese relato que é a imaxe que proxectamos sobre o mundo no que moramos.

Defensa do noso

Parece que sempre é positivo poder empregar as palabras para lembrar, actualizar e mesmo facer as nosas consideracións de tempos pasados que teñen na actualidade plena vixencia. Nalgún momento da novela *O outono das fragas* o seu autor, Manuel Lourenzo González, di que o recoñecemento dun pobo “é necesario para que ese pobo siga existindo e teña futuro. Se non hai pasado, non haberá porvir”, unha reflexión que quizais guía a esencia dun relato impregnado de didacticismo, que xa dende o comezo adoita un ton fantástico e de aventura no que un rapaz que persegue un paxaro se adentra nunha fraga, feito que lle deparará fascinantes, difíciles e novidosas vivencias.



Novidosas vivencias

MARÍA NAVARRO

Manel atópase así mergullado en tempos pasados que adiantan ou retroceden épocas segundo os pensamentos do rapaz, que tanto vive o rapto da princesa Froila a mans dos mouros, como se desembaraza das gadoupas de temibles guerreiros, como asiste atónito á conversas entre animais, como pasa uns días coa compañía de teatro Os Poucarroura en 1885, como mantén diálogos de tinte filosófico co sabio entre os sabios, o meigo Merlín.

Diríase que todo serve con tal de amosar ao lector como é de caprichosa a historia, cal é o comportamento humano en determinadas ocasións, como discorrer a vida na natureza ou mesmo como debemos defender os nosos ideais a pesar dos tempos difíciles que a cada un lle toca vivir.

Tamén as referencias ao medio ambiente teñen cabida neste relato; non faltan animais que falan, plantas que cantan ou paxaros que dan consellos, como se o seu comportamento exemplar puidese equipararse ao das persoas.

Nesta mestura de fantasía e soño pode o lector mozo atopar ingredientes maravillosos para mergullarse no mundo da aventura e crear o seu propio universo e o adulto, quizais, algo de sabedoría para poder lembrar.

Trátase dun texto máis do mestre pontevedrés que se vén sumar á longa listaxe que posúe de obras destinadas ao público infantil e xuvenil e onde unha vez máis amosa a súa preocupación pola defensa do noso e o que lle pode quedar ás xeracións futuras.

LOURENZO GONZÁLEZ, *Manuel, No outono das fragas*, Ed. Planeta & Oxford, Barcelona, 2007, 130 páxinas.

Recuperarmos o bosque

Desde a paisaxe identitaria

PAULA FERNÁNDEZ

Este conto de Alberto Varela Ferreiro que vén de ser publicado por Edicións Xerais achega un novo xeito de tratar a natureza na literatura, pois se ben é certo que o xénero infantil está ateigado de obras que pretenden sensibilizar os lectores e lectoras máis novos sobre os perigos que ameazan o medio, e así atopamos lumes, as talas incontroladas e a urbanización de espazos naturais entre os máis frecuentes, con este relato para primeiros lectores incídese de maneira máis firme na dignificación da foresta galega, algo xa pretendido nalgúns ocasións por poetas e políticos que aínda non fora levado aos nenos.

Nas páxinas de *¡Lume!* preséntase un bosque representativo da idiosincrasia do ser galego e tamén por tanto reivindicativo do monte tradicional, moi afastado xa de moitos dos agora cheos de especies alóctonas.

Para artellar esta defensa e esta afirmación no propio, o autor parte dunha lapa que atemoriza os habitantes dun lugar paradisí-



aco. Vacas, cervos, landras, curuxas ou paxaros petos que temen que a lapa atente contra o vello carballo e remate dese xeito coa súa fermosa vida. Como é de supor, o interese da lapa estará na vella árbore que rematará sendo

salvada por unha landra, claramente inferior nun enfrontamento físico pero que amosa ser superior dun xeito prosopopeico ao acadar a victoria valéndose do seu enxeño.

Moitos tópicos recorrentes no eido infantil, tales como a historia protagonizada por animais personificados que senten, falan e pensan igual ca as persoas; a estrutura que segue as normas clásicas destas obras expresada nun estilo directo e claro; intres de tensión próximos ao desenlace que supón a relaxación logo dos perigos; e as ilustracións figurativas que complementan o texto e desenvolven a historia de maneira plástica. Mais á beira destes tópicos, que xa se tornan imprescindibles e semellan xa inherentes ao xénero, unha ollada aos clásicos galegos que entendían, sobre todo na poesía, a paisaxe como algo sobre o que proxectar o seu sentir, unha paisaxe que era entendida como un compoñente identitario pero que apenas fora tratada dese xeito na literatura infantil.

Así pois, un berro que chama como tantos outros á conservación e coidado da natureza, pero atendendo sobremaneira á recuperación do bosque galego e das súas especies autóctonas.

VARELA FERREIRO, Alberto, *¡Lume!*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 32 páxinas.

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Os nomes galegos

X.L. Méndez Ferrín

Edicións Xerais. 504 páxinas

Con ánimo indagatorio e divulgativo, e sen unha estrita pretensión académica, Ferrín explora neste volume os antropónimos do noso país. A obra organízase en tres partes: no “Consultorio” abórdanse asuntos xerais e particulares referidos aos nomes persoais e aos apelidos galegos; en “Un ferrado de apelidos” analízanse os 153

apelidos máis frecuentes, e en “Flor de raros”, trátanse vinte apelidos seleccionados entre os excepcionais. Completan a obra un breve glosario e un índice onomástico. O *Consultorio dos nomes galegos* é un volume de indispensable consulta para todas aquelas persoas que sintan curiosidade pola vida e a historia dos devanceiros.



O nacionalismo cívico

Xosé Manuel Maceira Fernández

Edicións Lautovento. 173 páxinas

Nun momento en que o nacionalismo ten responsabilidades institucionales e políticas de primeira orde, este volume reflexiona sobre a historia e os avatares da construción nacional; reivindica o contributo das Irmandades, estuda o primeiro terzo do século XX, reconstrúe o discurso cul-

tural ou ideolóxico canonizado e integra as análises marxinais. Gañador do “Premio de Investigación Ricardo Carvalho Calero 2007”, este traballo achega un valor engadido por manexar documentos orixinais, correspondencia inédita, arquivos e un pertinente seguimento da prensa.



Illa Soidade

An Alfaya

Edicións Xerais. 144 páxinas

Lucía, a piques de iniciar os estudos de xornalismo, vai rememorando nunha viaxe en tren a súa relación con Soa, unha esmoreira a quen coñeceu cando pretendía deter unha vaga de insolidariedade cos indixentes no seu barrio. *Illa Soidade*, que mereceu o “Premio Fundación Caixa Galicia de lite-

ratura xuvenil 2007”, descóbrenos unha vida marcada pola paixón e a soidade, con reflexións sobre o respecto polo diferente. Afastándose dos tópicos e concedéndolle voz a persoas que teñen o seu propio espazo nunha sociedade que as silencia, a novela retrata o mundo da indixencia e dos sen teito.



As horas de María

Paco Souto

Edicións Espiral Maior. 53 páxinas

Gañadora do “X Premio de poesía Johán Carballeira 2006”, *As horas de María* é un canto á muller, personificada na figura de María, íntima, sensual, acolledora, exuberante, a muller que nace da terra e reúne os atributos de nai, amante e amiga, que *corre á chamada das augas co corpo aberto do luar*. Un canto naturalista á muller co-

mo máxima representación da Natureza e seo no que atopamos acobillo nos momentos de dúbida. Paco Souto foi coeditor da colección poética Letras de Cal e do selo Edicións do Dragón. Autor da peza teatral *Amar non ten laranxas*, a súa obra poética foi recoñecida, entre outros, co premio Espiral Maior (1994)




Aniversario Bravú

O Bravú vén de estar de aniversario. Trece anos, valente celebración, dende que un monllo de músicos galegos se xuntaron arredor dun cocido na taberna “Caballero” da parroquia de Viana, en Chantada, e entre a orella, a verduriña cocida e o licor-café deron en nomear un movemento que nacía daquela e que non quixo agardar polas etiquetas que lle viñesen de fóra. Aquel movemento, aplaudido, envexado, controvertido, trunfou porque descubriu para o mundo a existencia do rock galego e sobre todo porque lles permitiu ás bandas que facían rock na lingua do país saber que non eran illas senlleiras senón un arquipélago ben curioso, que chegaba de Lourenzá a Pontearreas, parando en Chantada, en Lalín, na Barbanza ou en Monte Alto. Foi, en definitiva, a resposta da mocidade galega á fouce do progreso que pegou no país catro batidas e nos chantou en cincuenta anos dende a Idade Media no século XXI. Foi o encontro entre a guitarra eléctrica e a gaita, xunguidas dende aquela en moitas bandas galegas, como xa o estaban noutras nacións celtas, foi un revoltallo de músicas, do novo co vello, do fungueiro co graffitti. Pero sobre todo foi unha resposta fachendosa e galega contra a ditadura musical marcada dende terras afastadas.

E a mellor maneira de festejar este aniversario é a edición do disco homenaxe aos Diplomáticos de Monte Alto, 120 Capadores, (Falcatruada, 2007), que vai saír á venda o vindeiro 27 de novembro e que foi presentado o pasado 3 de novembro en Chantada, capital brava do movemento, no marco do Castañazo Rock, festival recuperado pola mocidade chantadina e que quixo ir alén do tradicional neste tipo de eventos, xa que por riba da presentación deste novo traballo discográfico, houbo un faladoiro sobre o bravú, unha feira do disco galego, unha jam session, e moitas máis actividades que viñeron amosar a importancia da música no universo cultural da xente nova.

Seguindo o ronsel do “Manifesto Dobarrista”, esta homenaxe vén facer xustiza cunha banda imprescindible para entendermos a música galega, que ao longo dos máis de dez anos que estiveron en activo, dende Arrouta da Pangalaica, (Dro East West, 1991), até Komunikando, (BOA, 2003), marcaron as liñas mestras da evolución do rock en galego e que, após da iniciativa deste disco, argallada polo



portal de música “Komunikando.net” e mais o Centro Social Atreu, ven a gratitude de moitas das bandas que os tiveron como referencia á hora de facer as súas músicas. Deste xeito, no disco, duplo, -o “Disco Nakra” e o “Disco Parrocha”-, aparecen moitas das novas bandas que están a axudar ao rexurdimento da música galega nestes últimos anos, grupos que de ter nacido hai quince anos ficarian encadrados baixo esa etiqueta do Bravú e tamén outros, velái un dos acertos do disco, máis afastados da escena rock galega, coma Galegoz, Safari Orquestra ou os sorprendentes Tarú e Os paxaros de coiro que versionan dende o reggae o tema “Nordés”. Hai oco tamén para as colaboracións chegadas dende Asturias, os Dixebra a versionar “Gaitero”, ou Suíza, os galego-helvéticos Cenk cunha versión de “Antuerpe”, que veñen demostrar a transcendencia d’Os Diplomáticos alén da Galiza. É como agasallo final, catro temas inéditos dos primeiros Diplomáticos completan o traballo. Quizais de ter contado con máis bandas galegas arredadas do rock, de ter ollado Os Diplomáticos dende o hip-hop, dende o power-pop ou dende o jazz o traballo tería acadado unha dimensión meirande, realmente pangalaica, mais é sabido que a complexidade de xuntar vontades, tempos e disponibilidades nesta caste de compilacións deixa ás veces fóra algunha banda. A pesar disto, e para alén de ser unha boa mostra do que acontece no panorama musical de noso, permite rescatar do esquecemento retroiros que se fixaran con teimosía na memoria musical e emotiva dunha xeración de galegas e galegos que medraron enviándolle fotos de cativiños ao “Xabarin Club”, malia teren 16 ou 18 anos, que souberon o que é ter paixón a che queimar no peito e que demostraron de vez que “malia vivirmos no cu do mundo temos forza abonda para tronzar o universo”.

A Volta dos Rastreros

Por riba da presentación do disco *120 Capadores*, o Castañazo Rock tivo outro momento senlleiro coa volta aos escenarios, despois de case que dez anos inactivos, dos míticos Rastreros de Chantada. A outra base do movemento bravú reapareceu con forza, coa ausencia do Xullo, -tristemente falecido hai un ano-, diante de máis de dous mil entregados asistentes que non deixaron nin un intre de bourear os retroiros da banda que revolucionou primeiro os torreiros das parroquias de Chantada para despois revirar a terra toda. Anarquistas, -e anárquicos-, anticlericais, defensores da lingua, do orgullo da aldea diante dos “repunantes da cidade”, os Rastreros amosaron estar nunha forma musical aceptábel, con algún quiliño de máis pero coa mesma

raiba que os levou a cuspir as súas cancións anti-sistema hai agora doce ou trece anos. De volta a “Tratorada”, “O sacristán de Basán”, “A vida de Xan”, “Hate song” ou “Kristo jipi” amosaron a faciana máis punk do bravú, unha das formacións que mellor representa o que supuxo a chegada ás aldeas galegas das guitarras eléctricas e mais os amplificadores. Por riba dun substrato musical adquirido nas escolas de gaitas, nas aulas de pandeireta e tamboril das asociacións veciñais, a chegada da electrificación musical permitiu a moitos rapaces de finais dos oitenta atopar unha canle de expresión musical moi axeitada e coa que daban réplica á trepia The Pogues, Mano Negra, Kortatu-Negu Gorriak que formaba a súa referencia musical. Polo de agora non se sabe se esta volta foi un feito illado ou se os Rastreros retomarán a súa andaina, mais o que é seguro é que, como dixo Carlos Blanco, o concerto do 3 de novembro foi un pequeno paso para a música mais un grande chouto para a música de Chantada, e tamén para a música galega.

Homenaxe aos
Diplomáticos

DANIEL LAVESEDO